

O grupo BioFarma impulsa unha xornada para establecer sinerxías no descubrimento temperán de fármacos



O encontro permite escoitar de primeira man as visións doutros países, as iniciativas europeas e da industria, á vez que identifica as oportunidades e expón accións conxuntas de forma eficiente

Hubs, redes colaborativas e consorcios analizan este martes novas oportunidades e estratexias para o desenvolvemento deste sector chave no impulso da biotecnoloxía

Martes, 17 de decembro de 2019 Santiago de Compostela Redes colaborativas, consorcios e hubs de referencia internacional, dedicados ao descubrimento temperán de fármacos, analizan este martes en Santiago de Compostela novas oportunidades e estratexias para o desenvolvemento deste sector chave no impulso da biotecnoloxía. O grupo BioFarma da USC organiza este encontro en calidade de nodo coordinador das redes.

“O obxectivo da xornada é a reflexión conxunta para manter e mellorar a colaboración eficiente dos investigadores españois entre si, cos doutros países europeos e nas estruturas supranacionais”, apunta Mabel Loza, coordinadora do grupo BioFarma. O encontro permite escoitar de primeira man as visións doutros países, as iniciativas europeas e da industria, á vez que identifica as oportunidades e expón accións conxuntas de forma eficiente.

Neste senso, a [Rede Galega de I+D de Medicamentos REGID](#), participante no foro, pretende xerar sinerxías e unha masa crítica que permita a transferencia do alto nivel de investigación biomédica en Galicia. Regid é actualmente unha rede consolidada e estruturada con 36 grupos de investigación constituídos en 30 unidades de investigación independentes procedentes das tres universidades do sistema galego, os tres complexos hospitalarios universitarios de Galicia e de universidades do norte de Portugal.

Pola súa parte, a [Rede Temática de descubrimento de fármacos](#)

[REDEFAR](#) conecta a experiencia internacional en I+D aplicada ao descubrimento temperán de fármacos de dez equipos multidisciplinares e complementarios españois entre os que se atopa a USC. Esta Rede permite a coordinación, cohesión, fortalecemento e visibilidade das capacidades españolas en descubrimento de fármacos e leva a cabo a súa conexión internacional..

A Rede Estratéxica ES- OPENSSCREEN está formada polos grupos das entidades españolas acreditadas polo ERIC EU-OPENSSCREEN, entre as que tamén se atopa a USC, e diríxese á consolidación e posicionamento estratéxico do nodo español na rede ERIC EU-OPENSSCREEN. A Xunta de Galicia co financia a participación galega neste consorcio europeo. A importante presenza española no Consorcio Europeo ERIC EU- OPENSSCREEN “supuxo un salto cualitativo nas capacidades españolas e nas súas posibilidades de colaboración internacional”, subliña Mabel Loza. “Con todo, os orzamentos para redes nestes anos foron limitados, o que condiciona o avance da ciencia disruptiva cara á súa aplicación”, engade. A reunión conta tamén co apoio institucional da Xunta de Galicia no marco da Estratexia de Impulso á Biotecnoloxía de Galicia e a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3).



A Universidade

USC
Graos
Máster
Doutoramento
USC Vida

Perfis

Estudantes
Estudantes estranxeiros
PDI
PAS
Futuros estudantes
Egresados/as
Pais e nais

USC Virtual

Campus Virtual
Secretaría Virtual
Sede Electrónica
Taboleiro Electrónico
Correo Web

Centros

Departamentos
Servizos

Xornal

Directorio
Contacto
Protección de datos

